

CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A DOTACIÓN DE AULAS DIXITAIS CO APOIO DA XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DOS FONDOS EUROPEOS NEXTGENERATION

A finais do curso 2022-23 desde o CPR Plurilingüe Nsa Sra dos Remedios solicitamos a participación nas axudas á mellora da calidade educativa para recibir unha subvención pública ofertada a centros privados sostidos con fondos públicos para a dotación de aulas dixitais. Dita axuda está financiada polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea NextgenerationEU.

A resolución de concesión das subvencións foi ditada o día 20.9.2023 e **o noso centro resultou ser un dos seleccionados para recibir esta axuda que subvenciona ao 100% a totalidade do investimento realizado.** Grazas a esta subvención contamos coa implantación de 10 novas aulas dixitais de última tecnoloxía desde E. Infantil. E. Primaria a ESO que nos axudarán á contribución da mellora no proceso de ensino-aprendizaxe, da atención á diversidade e unha mellora na calidade visual das proxeccións e imaxes.

Queremos compartir esta boa nova con toda a comunidade educativa porque estamos seguros de que a renovación das instalacións e das ferramentas da aprendizaxe inciden positivamente nunha mellor calidade do ensino.